

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE**

**ACTA** da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **19 de outubro de 2017**

### **ASISTENTES:**

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>PRESIDENTE:</b><br>D. Manuel Doval Soto<br><b>DEPUTADOS/AS:</b><br>D. <sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara<br>D. José Antonio Feijóo Alonso<br>D. Antonio Montero Fernández<br>D. Miguel A. Cid Álvarez<br>D. <sup>a</sup> M. <sup>a</sup> Teresa Cerdeira Valiñas<br>D. Vicente Gómez García<br>D. Isabel Gil Álvarez<br>D. <sup>a</sup> Susana Rodríguez Rodríguez<br>D. Armando Ojea Bouzo<br>D. Ramiro Rodríguez Suárez<br><b>SECRETARIO:</b><br>D. Juan Marquina Fuentes<br><b>INTERVENTORA ACCTAL.:</b><br>D. <sup>a</sup> Begoña Álvarez Matos | No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o <b>19 de outubro de 2017</b> , ás 18.00 horas, baixo a presidencia de don Manuel Doval Soto e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames: |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

### **1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 21 DE SETEMBRO DE 2017.-**

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de setembro de 2017, non se formulan observacións e queda aprobada por unanimidade.

### **2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

O **Sr. presidente** da comisión procede a informarlles aos asistentes de que o procedemento para a adhesión á medalla de ouro da provincia a Carlos Casares se encontra nos seus últimos días, polo que lles roga a aqueles deputados que non se adherisen que, se o teñen a ben, o fagan para a súa constancia no expediente.

A continuación informa sobre o Premio Otero Pedrayo, xa que indica que se está tratando de corrixir a anomalía que existe en canto ás datas de outorgamento. Indica que recentemente se entregou o correspondente ao ano 2015 pola Deputación de Lugo. Que este ano se fallou o correspondente ao ano 2016, outorgados aos ourensáns Acisclo Manzano e Buciños, cuxa entrega se realizará a próxima semana no Pazo de Trasalba, ao que lembra que están invitados os membros da comisión, e que o premio correspondente ao ano 2017 lle corresponde á Deputación de Pontevedra, polo que confía en que se pode tramitar entre finais deste ano e principios do que vén, para así corrixir esta pequena distorsión.

**D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista**, solicita da presidencia que se lle informe dos gastos en que incorreu a Deputación como consecuencia da viaxe da Real Banda de Gaitas a Roma, así como que se lle indique que solicitudes houbo para actuacións da Real Banda no ano 2017, que non sexan de concellos. Agradece que se lle envíe unha relación coas solicitudes e actuacións do ano 2017 realizadas conforme co que establece a ordenanza reguladora da Real Banda de Gaitas.

E non habendo máis asuntos que tratar, ás 18:30 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.